



ACORDOS DA COMISIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO
(Aprobados na Comisión do Traballo Fin de Grao do 3 de febreiro de 2020)
(Aprobados na Comisión do Traballo Fin de Grao do 15 de abril de 2020)

CURSO: 2019 / 2020

Nas reunións da Comisión do TFG do 3 de febreiro e do 15 de abril de 2020 acordouse a formación de catro tribunais de avaliación de Traballos Fin de Grao coas seguintes composicións:

TRIBUNAL A:

- Un membro do Departamento de Enxeñería Química
- Un membro do Departamento de Química Analítica
- Un membro do Departamento de Química Orgánica

TRIBUNAL C:

- Un membro do Departamento de Enxeñería Química
- Un membro do Departamento de Química Física
- Un membro do Departamento de Química Orgánica

TRIBUNAL B:

- Un membro do Departamento de Química Física
- Un membro do Departamento de Química Inorgánica
- Un membro do Departamento de Química Orgánica

TRIBUNAL D:

- Un membro do Departamento de Física Aplicada
- Un membro do Departamento de Química Analítica
- Un membro do Departamento de Química Inorgánica

De acordo coa Normativa de TFG, os membros de cada tribunal serán nomeados unha vez recibidas dende os departamentos as propostas de candidatos, tendo en conta que pode ser membro dun tribunal calquera profesor con docencia no Grao en Química, incluídos os titores de TFG. A Comisión do TFG realizará un sorteo cos nomes dos candidatos no que elixiranse os titulares e os suplentes de cada tribunal.

En cada tribunal actuará como Presidente o membro de maior categoría e antigüidade e como secretario o de menor categoría e antigüidade.

Estes tribunais actuarán en todas as convocatorias do curso 2018/2019 (xuño, xullo e setembro) e, de ser necesario, nas convocatorias de Fin de Carreira e Xaneiro do próximo curso.

Debido a situación xerada pola cancelación das actividades presenciais, as defensas de TFG de xuño e xullo faranse de xeito non presencial empregando as ferramentas telemáticas proporcionadas pola universidade. Ademais, como consecuencia do cambio no calendario de exames da Facultade, modificáronse as datas inicialmente previstas para as defensas que quedaron establecidas en tres períodos entre o 29 de xuño e o 3 de xullo, entre o 27 e o 29 de xullo e entre o 14 e o 16 de setembro.

Toda a información detallada e actualizada relativa á materia Fin de Grao está dispoñible na páxina web:

<http://quimica.uvigo.es/traballo-fin-de-grao.html>

Ignacio Pérez Juste
Presidente da Comisión de TFG

ALUMNOS REALIZANDO TRABALLOS FIN DE GRAO 2019/2020
TITORES DE TRABALLOS FIN DE GRAO 2019/2020